

1

Que é Imaxina Coruña?

IMAXINA CORUÑA é un concurso de investigación para estudantes de secundaria. Nel, os participantes deben desenvolver un proxecto de investigación orixinal que presentarán, unha vez finalizados, na feira científica Imaxina.

2

A quen vai dirixido?

Poderán participar **centros educativos públicos e concertados da Coruña e a súa área metropolitana (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada)**. Cada centro pode inscribir ata 3 grupos, cun mínimo de 2 e un máximo de 4 estudantes por grupo. Todos os grupos deben ser mixtos.

3

Por qué participar?

Investigar é apaixonante e enriquecedor. Permite aprender a traballar en equipo, seguindo as metodoloxías que utilizan os científicos e científicas, e presentar o proxecto ao público nunha feira científica que se celebrará na Domus. E os premios inclúen viaxes a outras Científicas!!

Asemade, Imaxina cubre os custes de compra de materiais para desenvolver o traballo. Os centros participantes recibirán un pago de 150€ por proxecto para investir en recursos.

Vas perder esta oportunidade?

4

Temática libre

Nesta edición a temática é totalmente libre. Podedes investigar sobre calquera campo de coñecemento científico (química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas, etc...). O importante é deseñar unha boa investigación de desenvólvela seguindo con rigor o método científico.

Que podes facer? Se precisas axuda, ofreceremos asistencia tanto para desenvolver os proxectos como para a procura de ideas.



5

Inscrición

Do **16 de setembro ao 30 de outubro**, a través da ficha que podedes atopar na web https://edu.coruna.gal/coruna_educacion_centros/xestion/actividades/listaxe

Xunto coa solicitude, deberá incluírse:

- Título do proxecto
- Nomes, apelidos e DNI das persoas participantes
- Breve descrición do proxecto que se propón (máximo 10 liñas)
- Relación de materiais previstos para o desenvolvemento do proxecto de investigación.

6

Hitos

O concurso desenvolverase dende outubro de 2025 ata abril de 2026.

- **Mércores 22 de outubro 2025, ás 17:30 horas, presentación presencial e telemática do concurso.**
- **Novembro - marzo de 2026: preparación dos proxectos.** Durante este período, os centros contarán con asesoramento continuo.
- **Ata o 18 de marzo de 2026, presentación da Memoria Final dos proxectos.**
- **Valoración e preselección:** un xurado avaliará as memorias e seleccionará os proxectos para a Feira.
- **18 abril 2026, celebración da Feira Imaxina** na Domus.
- **Maio 2026,** participación dos gañadores na Zientzia Azoka de Bilbao.

7

Premios

- **Premios aos mellores traballos nas categorías Sustentabilidade, Innovación e Compromiso social de 500€** cada un para investir en material educativo e viaxe a Zientzia Azoka de Bilbao para presentar o seus proxectos.
- **Mención especial para o traballo máis singular, de 300€** para investir en material educativo.
- **Premio ao mellor vídeo relato, por votación popular,** recibirá un agasallo consistente nun estabilizador.

8

Contacto

Para calquera consulta o dúbida, podes contactar con nos a través do correo electrónico e o teléfono.

Servizo Municipal de Educación. Ana Judel T: 981 18 42 00 ext: 10179 e 88539

David Ballesteros | T: 655 47 64 85 correo: imaxina@coruna.gal